



CONCELLO DE BARBADÁS

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE CONTRATACIÓN DUN PROFESOR OU PROFESORA DE VIOLIN PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE BARBADÁS

1. CONVOCATORIA

Teñen por obxecto as presentes bases regular o procedemento de selección para a contratación **dun profesor/a de violín** para a Escola Municipal de Música de Barbadás.

2.- ÁMBITO TEMPORAL

O presente contrato iniciárase ao remate do proceso selectivo, e finalizará o 31 de xullo de 2020. De producirse unha vacante no posto ofertado, entrará en funcionamento a listaxe de candidatos por orden de puntuación, funcionando como bolsa de contratación.

A presente bolsa terá unha duración ata o 31 de xullo de 2020.

Tras a valoración realizada polo tribunal, publicaranse os resultados no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

3. DURACIÓN DO CONTRATO

a) O contrato iniciárase ao rematar o proceso selectivo, e finalizará o 31 de xullo de 2020.

A persoa seleccionada realizará a labor correspondente ao seu posto de traballo segundo o organigrama establecido na Escola de Música.

Deste xeito, a relación rexeráse pola lexislación laboral e o contrato que se lle realizará a persoa seleccionadas é de obra ou servizo determinado, e redactarase ao abeiro do RD 2720/1998 do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Para afronta-lo presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente Presuposto de gastos.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participaren no concurso:





CONCELLO DE BARBADÁS

a) Nacionalidade.- Ter a nacionalidade española. Ademáis, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán accede-los nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de se-lo caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Ademáis das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros/as en España.

b) Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non excede-la idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación.- **Especialidade de violín:** estar en posesión do título de Bacharelato e do Grao Profesional do Conservatorio na especialidade de violín ou viola.

Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite de forma fidedigna a súa homologación.

d) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ser separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.

f) Deberá presentar o certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais que depende do Ministerio de Xustiza.





CONCELLO DE BARBADÁS

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os/as interesados/as deberán presentar as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello ata as 14.00 horas do sétimo día hábil seguinte ó da publicación do correspondente anuncio nun dos diarios de maior circulación, mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde , achegando a seguinte documentación:

- A titulación esixida para desempeñar o posto ao que opta (aportará o orixinal ou a copia compulsada do título esixido)
- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou da tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas o Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado/a para o exercicio da funcións públicas.
- Relación de méritos que alega, e documentos xustificativos dos mesmos en orixinal ou fotocopia compulsada.
- Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares as do posto ofertado, para determina-la experiencia. Cómpre achegar informe de Vida Laboral e copia dos contratos.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Logo de rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará unha resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que será exposta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Barbadás.

Os e as aspirantes admitidos/as e excluídos/as disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución, para emendar o defecto que motivase a exclusión.

7.- MÉRITOS A VALORAR PARA A SELECCIÓN.

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:





CONCELLO DE BARBADÁS

I) **Experiencia profesional.**- Por ter desempeñado **IDÉNTICO OU SEMELLANTE POSTO DE TRABALLO**, 0,2 puntos por mes traballado, ata un máximo de **10 puntos**. A experiencia profesional acreditarase mediante un informe da vida laboral, acompañadas dos contratos correspondentes.

II) **Formación especializada.**- Pola realización de cursos ou xornadas **RELACIONADAS CO CONTIDO DO POSTO DE TRABALLO**, ata un máximo de **10 puntos**.

- a) Cursos de máis de 750 horas, 1.50 puntos por curso ata un máximo de 5 puntos.
- b) Cursos de 456 a 750 horas , 1 punto por curso ata un máximo de 4 puntos.
- c) Cursos de 100 a 455 horas, 0.75 puntos por curso ata un máximo de 3 puntos.
- d) Cursos de 50 a 99 horas, 0.25 puntos por curso ata un máximo de 1.50 puntos.
- e) Cursos de 10 a 49 horas, 0.15 puntos por curso, ata un máximo de 1.25 puntos.
- f) Por cursos de menos de 10 horas, xornadas, diplomas, etc. , 0.05 puntos ata un

máximo de 0.25 puntos.

III) Por titulación superior á requirida para o desempeño do posto, e relacionada co traballo a desenvolver: **4 puntos**.

IV) Por coñecemento acreditado do idioma galego a través de títulos CELGA, computara: se unicamente o grao superior alegado:

.CELGA 1: 0.10

.CELGA 2: 0.20

.CELGA 3: 0.30

.CELGA 4: 0.40

.CELGA 5: 0.50

Para calquera titulación distinta das anteriores estarase ao disposto na ORDE do 10 de febreiro de 2014, pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). DOG nº 34, 19 de febreiro de 2014.

8.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

a) O tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes que serán designados polo Alcalde na resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as





CONCELLO DE BARBADÁS

- b) As composicións dos tribunais axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ao previsto no Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público e na Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 do 29 de abril.
- c) O tribunal poderá dispoñer de asesores especialistas con voz e sen voto.
- d) Para a abstención e recusación dos membros do tribunal aterase ao establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público (BOE 236 de 2 de outubro de 2015)

9.- VALORACIÓN DE MÉRITOS, CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE SELECCIÓN

Para o caso de empate na puntuación final darase preferencia pola seguinte orde:

- Puntuación pola orde das letras do baremo.
- Persoas que teñan recoñecido o grao de minusvalía mínimo esixido.
- Pola letra vixente no resultado do sorteo que é establecido pola Comunidade

Autónoma.

A vista da valoración de méritos o tribunal fará públicas as puntuacións provisionais nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello, desglosadas por cada apartado do baremo.

Contra esta valoración provisional os/as interesados/as poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte á dita publicación.

Logo de resoltas as reclamacións, se as houbera, o tribunal propondrá a publicación das listas definitivas por orde de puntuación desglosadas por cada apartado do baremo.

10.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

Unha vez publicadas as listas definitivas por orde de puntuación e, para proceder a contratación temporal, ofreceráselle o posto de traballo ao primeiro ou primeira aspirante da listaxe por teléfono, correo electrónico ou correo postal. Darase un prazo de 24 horas para que acepte ou renuncie ao posto ofertado no nº de fax: 988 36 04 01 ou no correo electrónico administracion@barbadas.es.





CONCELLO DE BARBADÁS

En caso de que non exista resposta ao aviso, sobreenténdese que renuncia ao posto e poderá chamarse ao ou á seguinte candidata da listaxe.

11.- SITUACIÓN NAS LISTAXES

As/os integrantes das listaxes non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nestas, ata que se xere o dereito á prestación de desemprego de tal maneira que si a contratación para a que son chamados/as ten unha duración inferior, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

Unha vez rematada a contratación, o interesado/a pasará a ocupar o último lugar na listaxe durante catro meses, se xerou o dereito á prestación de desemprego. Finalizado o devandito periodo, volverá automaticamente ao lugar na listaxe que, dacordo coa súa puntuación, lle corresponda.

Os e as integrantes das listas que, sendo convocados/as para facer efectiva a contratación, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición, unha vez transcorrido o dito prazo.

A mesma consecuencia terá a renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, agás que fose para atender outro chamamento para unha vacante.

A renuncia a formar parte dunha lista, suporá que non terá efectos unha nova solicitude de admisión nesa lista ata transcurrido o prazo dun ano desde a data da renuncia.

12.- PERIODO DE PROBA

Para adquirir a condición de persoal laboral temporal o/a aspirante seleccionado/a deberá superar satisfactoriamente un periodo de proba, de conformidade co establecido no artigo 14 do vixente R.D. legislativo 1/1995 do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Tras o proceso de selección e á vista da proposta que formule o tribunal cualificador, o Alcalde, no exercicio das competencias que lle corresponden en materia de contratación de persoal, subscribirá cando as necesidades do servizo así o requiran, co ou coa aspirante proposta pola tribunal, que pasará a ter a condición de persoal laboral de contratación temporal a cargo deste Concello.





CONCELLO DE BARBADÁS

O acordo de contratación definitivo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, para coñecemento de todos e todas as aspirantes.

Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito a percepción económica algunha.

Os/as candidatas seleccionadas deberán, con carácter obrigatorio e previo á súa contratación, achegar informe médico de non padecer enfermidade nin defecto físico que incapacite para o exercicio das súas tarefas.

13- INCIDENCIAS

Os tribunais quedarán facultados para interpretar as bases da convocatoria e para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación. Ademais, poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

14- DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e os actos administrativos que deriven dela e das actuacións do tribunal poderanse impugnar nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das AA.PP.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE

